

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE MAIO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezoito de maio de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para acondicionamento de nave existente con apertura de ocos en fachada para almacenamento de material agrícola relacionado co medio onde se atopa, en Casas Novas-Areeiras (expte: 2021/y001/000307) e para reparación de parte da cuberta de paleira sita en Santa María de Muxa (expte: 2022/Y001/000010).

Acórdase denegar a licenza urbanística para construción de área de servizo formada por estación de servizo para venda de carburantes e combustibles a vehículos, boxes de lavado e edificio de servizos constituido por dous sotos de garaxe-aparcamento e planta baixa, primeira e segunda para usos comercial, hotelero e restaurante na rúa do Liño 4, Chouza-Galegos. parroquia de Santiago de Afora (expte: 38/19).

ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación da contratación das obras de “renovación de alumbrado público en ronda das Mercedes e Xose Castiñeira” (exp. ref. 2021-C002-000054).

Resolución de contrato na contratación da renovación de licencias de SW antivirus panda Endpoint do Concello de Lugo. (exp. ref: 2021/C004/000003).

Tamén se acorda a modificación do contrato de subministración de papel para fotocopiadoras e impresoras do Concello de Lugo. (expte ref. 2021-C004-000027).

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac2070413918078446755.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-5-2022

cláusulas administrativas particulares, así como do gasto na contratación da subministración de material de imprenta 2022 (reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social) por procedemento aberto simplificado e a apertura do procedemento de contratación, (exp. ref. 2022/C004/000011).

Acórdase a adxudicación na contratación da obra “renovación das instalacións de alumeado público exterior en rúa Rei Don García e Travesías” (exp. ref. 2021-C002-000058).

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.